



ACTA DE ACORDOS ASAMBLEA ORDINARIA

13/05/2018

Membros da Asamblea asistentes con dereito a voto:

- Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente F.G.X)
- Club Ximnasia Pavillón (Dna. M^a Carmen Blanco)
- Club Escola Ximnasia Pavillón (Dna. Consuelo Morenza)
- Club Flic Flac (D. Jorge Méndez Lamas)
- Club Treboada (D. Carmelo Vázquez)
- Nelly Bouso Gasalla (Rpte. Estamento Técnicos)
- Natalia Gómez Blanco (Rpte. Estamento Técnicos)
- Carlos Vicente Mariño (Rpte. Estamento Xuíces)
- Santiago Filgueira Bravo (Rpte. Estamento Xuíces)

Membros da Asamblea con dereito a voto que non asisten:

- Club María Barbeito
- Club Ximnasia Coruña
- Club Saraiba E.D. Poio
- Club Quicela
- Club Escola Ximnasia Porta Norte
- Club Sieiro Acrobacia Vigo
- Club Escola Burgas
- Club Ximnasia Rítmica Arousa
- Club Ximnasia Pontevedra
- Club Maniotas
- Club Tempo
- Club Acordes
- Iván Estévez Benavides (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Paola Melón de la Iglesia (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Antía Duro Pichel (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Daniel Pérez Morales (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Marta Rodríguez Dopazo (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Miriam Cid Mira (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Adrián Soliño Filgueira (Rpte. Estamento Ximnastas)
- Iago Covela Iglesias (Rpte. Estamento Técnicos)
- Sandra Estrada Fernández (Rpte. Estamento Xuíces)
- Elena Sierra Palmeiro (Directora Escola Galega F.G.X.)

Membros da Asamblea asistentes con voz pero sin dereito a voto:

- Pilar Álvarez Rey (Vicepresidenta 1)
- Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente 2)
- Cristina Sánchez Martínez (Secretaria Xeral)
- M^a Cristina González Sueiro (Secretaria Técnica)
- Pilar Pardo Madarro (Delegada Provincial A Coruña)

Sendo as 11:15 horas do día 13/05/2018 da comenzo en 2^a Convocatoria a Asamblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Ximnasia, celebrada no salón de Actos do Centro Social "Troya" en Ourense.



ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Aprobación de Contas e Memoria Económica 2017.

Procédese á lectura e explicación da Memoria Económica 2017. (*Adxuntamos a memoria explicativa*).

Balance de Situación do Exercicio 2017 cun total Activo que ascende a 199.659,71 €. Resumido no seguinte cadro.

BALANCE DE SITUACIÓN ANO 2017	
ACTIVO NON CORRENTE	13.540,20 €
Inmovilizado intanxible (aplicación informáticas...)	1.091,32 €
Inmovilizado Material (mobiliario, equipos informáticos...)	12.448,88 €
ACTIVO CORRENTE	186.119,51€
Deudores comerciais e outras contas a cobrar	13.809,27 €
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	172.310,24 €
TOTAL	199.659,71 €
PATRIMONIO NETO	196.858,48 €
Capital	52.344,36 €
Resultados de exercicios anteriores	115.955,97 €
Resultados del ejercicio	28.558,15 €
PASIVO CORRIENTE	2.801,23 €
Deudas a corto Plazo	564,00 €
Acreedores Comerciales y otras cuentas a pagar	2.237,23 €
TOTAL	199.659,71 €



A Conta de Pérdidas e Ganancias do ano 2017 da uns beneficios a final de ano de 28.558,15€. Facemos un breve resumo

PERDIDAS e GANANCIAS ANO 2017	
DEBE	
Gastos persoal e Seguridade Social	16.101,60 €
Gastos de explotación	348.054,53 €
R.F.E.G.- 44.895,00 €	
AÑO y LOZANO (Seguro Deportivo)- 61.435,00 €	
TECNIFICACION.- 14.922,30 €	
FORMACION.- 49.267,18 €	
CAMPEONATOS.- 147.709,17 €	
BENEFICIOS ANTES DE IMPUESTOS	28.558,15 €
TOTAL	397.361,34 €
HABER	
Ingresos	260.412,50 €
Licencias.- 213.151,00 €	
Inscripciones cursos.- 47.261,50 €	
Subvenciones (Xunta e Deputacións) (*)	75.901,57 €
Xunta Galicia.-58.423,60 €	
Diputación Ourense.-4.050,00+2.069,12+1.448,82 €	
Diputación A Coruña – 1.230,27 €	
Concello de Ourense – 1.950,00 €	
C.S.D. (Cpto. Idade Escolar) – 6.729,76 €	
Ingresos financeiros	9,77 €
Ingresos excepcionales	108,50 €
Ingresos de gestión (Competicións)	60.929,00 €
TOTAL	397.361,34 €

(*) Pendente Deputación Coruña 1.230,27€

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.

3º.: MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017

Infórmase aos membros da Xunta Directiva que este ano a Memoria de Actividades é máis extensa que en anos anteriores.

No ano 2017 tivemos un total de 4.708 licencias Federativas: 755 de ámbito Nacional, 1.520 de ámbito Autonómico e 2.433 de ámbito escolar. Tivemos un total de 36 Clubes Rexistrados e 41 Escolas Deportivas. Seguimos un incremento notable neste apartado.

En cuanto a Competicións na memoria podemos ver os resultados dos distintos Campionatos Autonómicos e Nacionais. Destacar que neste ano 2017 fixemos podium en Ximnasia Rítmica algo a salientar dado o altísimo nivel e participación a nivel nacional.

Na memoria recolleamos a importante labor en nivel Promoción, Escolar e Copa Deputación tratando de levar a nosa disciplina a tódolos niveis e tratando así de fomentar unha base forte para ir crecendo como fai anos levamos facendo.

No apartado de Tecnificación podemos ver detalladas as distintas liñas de actuación de cada modalidade.



En cuanto a Programas de Especial Relevancia recolleemos os resultados en competicións Internacionais que neste ano 2017 a participación dos Ximnastas Galegos foi moi salientable. As modalidades con maior proxección internacional son Trampolín (*con podium en distintos Campionatos e Torneo internacionais e salientando especialmente o 4º posto no Campionato do Mundo Absoluto de Daniel Pérez e a medalla de Ouro de Melania Rodríguez no Campionato do Mundo de Trampolín por idades*) e Acrobática (*Con podium en distintos torneos internacionais e un 5º Posto do Trío Femenino Senior Belén Gómez/Andrea Verísimo/Alexandra González no Campionato de Europa*).

No Programa de docencia salientar a celebración de distintos cursos de Técnicos e Xuíces así como formación non reglada.

- Curso Adestrador II Nivel de Ximnasia Artística: 8 asistentes
- Curso Adestrador I Nivel de Ximnasia Rítmica: 22 asistentes
- Curso Adestrador II Nivel de Ximnasia Rítmica: 9 asistentes
- Curso Adestrador III Nivel de Ximnasia Rítmica: 16 asistentes
- Curso Adestrador I Nivel de Ximnasia Trampolín: 14 asistentes
- Curso Adestrador II Nivel de Ximnasia Trampolín: 10 asistentes
- Curso Actualización Xuíz de Ximnasia Acrobática ciclo 2017/2020: 4 asistentes
- Curso Actualización Xuíz de Ximnasia Rítmica ciclo 2017/2020: 18 asistentes
- Curso de Xuíz Nivel I de Ximnasia Artística Femenina ciclo 2017/2020: 7 asistentes
- Curso de Xuíz Nivel I de Ximnasia Rítmica ciclo 2017/2020: 26 asistentes
- Clinic código e Normativas de X. Artística Femenina Ciclo 2017/2020: 15 asistentes
- Clinic Código e Normativas de Ximnasia Rítmica Ciclo 2017/2020: 63 asistentes
- Curso de Monitor de Ximnasio Polivalente: 8 (I convocatoria) e 5 (II Convocatoria) asistentes

Como peche da Memoria recolleemos unha brevísima galería de imaxes e prensa do ano 2017.

Os membros da Asamblea presentes informan favorablemente, por unanimidade este punto da orde do día.

4º.: CALENDARIO PROVISIONAL 2018.

Adxuntamos o calendario provisional do 2018 no que debido á modificación da data do nacional de Base de Ximnasia Rítmica vémonos na obriga de modificar a nosa data autonómica previsiblemente será a finais de setembro ou primeiros de Outubro.

A data prevista pero non confirmada oficialmente para o Campionato Federado de Conxuntos é o 4 de Novembro.

Na reunión de Xunta Directiva suxeriuse a modificación da data do Control Copa de España Conxuntos II Fase para o 27 de Maio dado que hai clubs de Pontevedra que se solapa co seu escolar e Promoción. Dado que a data inicial prevista e así rexistrada no noso calendario era o 26 de Maio enviarase un mail a tódolos clubs participantes e no caso de haber impedimentos de consideración non poderá ser modificada dita data.

Os membros da Asamblea aproban por unanimidade este punto da orde do día.



5º.: OFICIALIDADE TORNEOS 1º SEMESTRE

Está concedida a oficialidade dos seguintes torneos unha vez entregada a documentación en prazo e estudiada a viabilidade de cada un deles.

VII TORNEO OURENSE PROVINCIA TERMAL	29-30/04/2018	Rítmica	Ourense	Ver normativa do Clube Organizador
X TORNEO DE PRIMAVERA DE XIMNASIA.CIDADE DE OURENSE	14/04/2018	Rítmica / Exh.	Ourense	Ver normativa do Clube Organizador
VI TORNEO MANIOTAS III TROFEO CIDADE DE VIGO	05/05/2018	Rítmica	Vigo	Ver normativa do Clube Organizador
XIII TORNEO CLUB XIMNASIA AROUSA	13/05/2018	Rítmica	Vilagarcia Arousa	Ver normativa do Clube Organizador
I OPEN TREBOADA CIDADE DE PONT. ACRO	24 ao 27/05/18	Acrobática	Pontevedra	Ver normativa do Clube Organizador
IV TORNEO DE XIMNASIA UDC	25/05/2016	Artística	Coruña	Ver normativa do Clube Organizador
V TORNEO VIRAVOLTA JAEL	10/06/2016	Rítmica	Santiago	Ver normativa do Clube Organizador
II PEQUE CHAMPION ACRO-LEAGUE	23/06/2018	Acrobática	Pontevedra	Ver normativa do Clube Organizador

De cara a vindeiros anos estudaríanse medios federativos para a comprobación de entrada de inscricións co fin de verificar con constancia obxectiva o orde de entrada de inscricións en categorías que teñan límite de participación.

Os membros da Asamblea aproban por unanimidade este punto da orde do día.

7º.: Suxerencias e Preguntas.

O Representante do Club Flic Flac solicita, de ser posible a asistencia como oíntes a determinadas asignaturas, tales como técnica corporal..., cando se celebren os cursos de Técnicos da Federación. Respóndaselle que sempre que se anoten técnicos xa titulados e non se exceda o límite de prazas. Deberán enviar a solicitude por escrito á F.G.X.

A Representante do Club Ximnasia Pavillón solicita que se estude a posibilidade de traer algún evento de rítmica de Calidade á cidade de Ourense. Respóndaselle que sempre que teñamos un respaldo económico firme das institucións non habería problema pero non podemos asumir a F.G.X. a organización dun Campionato cun importe tan elevado de custos e ariscar así o patrimonio Federativo. En caso de conseguir subvención económica externa estamos na dispoñibilidade de organizar toda actividade que se propoña.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 12:00 h do día arriba indicado do que dou fé como Secretaria Xeral desta Federación.

Asdo.: Cristina Sánchez Martínez

Ourense, 13/05/2018